

## XANEIRO 2019

Tab. 1. Viaxeiros, noites, estadia media e graos de ocupación en Estab. Hoteleiros. Xaneiro 2019

	ESPAÑA		GALICIA	
	Nº	Var. Int. 18/17	Nº	Var. Int. 18/17
<b>VIAXEIROS</b>	5.229.779	1,9%	163.740	-0,2%
<b>NOITES</b>	15.463.493	0,4%	308.049	1,6%
<b>ESTADÍA MEDIA</b>	2,96	-1,4%	1,88	1,7%
<b>% OCUPACIÓN</b>	45,10%	-0,65	21,54%	0,72
<b>% OCUPACIÓN Fds</b>	49,17%	-0,01	25,75%	1,41

Fonte: Elaboración propia a partir de EOH

- No pasado mes de xaneiro rexístrase un incremento dos niveis de demanda hoteleira en Galicia en relación ao mesmo período do pasado ano. En particular, sobe o volume de noites un 1,6% como consecuencia dunha mellora da estadia media pois a cifra de viaxeiros aloxados mantense relativamente estable..
- É o quinto ano consecutivo no que se observa un crecemento da demanda hoteleira neste primeiro mes. O incremento deste 2019 engádese aos rexistrados en 2015 –do 0,6%-, en 2016 –do 8,4%- en 2017 –do 6,5%- e en 2018 –do 7,2% neste caso-, elevando a cifra final a 308 mil noites neste mes de xaneiro –a cifra máis elevada dos últimos dez anos-.
- En termos de viaxeiros aloxados a evolución é algo diferente. Neste caso estabilízase o volume final logo de presentar catro anos consecutivos de crecemento. Con esta dinámica mantense o nivel final en preto de 164 mil neste mes de xaneiro.
- En termos de volume a variación da demanda tradúcese na xeración de preto de 4.800 noites en relación ao mes de xaneiro do pasado ano, cifra non moi elevada que fala máis ben de certa estabilidade global da demanda hoteleira.
- A nivel estatal obsérvase un comportamento algo diferente. No conxunto de España rexístrase un incremento da cifra de viaxeiros aloxados –do 1,9%- así como do volume de noites –do 0,4% neste caso-. Son tamén variacións pouco significativas que nun sentido global falan de estabilidade en relación ao pasado ano.
- Obsérvase neste mes un comportamento relativamente homoxéneo da demanda hoteleira a nivel das comunidades autónomas. En particular sobe o volume de noites en boa parte delas agás en cinco concretas que presentan caídas: Asturias, Cantabria, Canarias, Baleares e Aragón –destino este último que rexistra o descenso máis acusado, do 18,2%.
- Estremadura, cun incremento da demanda do 11,4%, é o destino que presenta mellor comportamento relativo neste primeiro mes do ano. Seguen en orde de importancia Murcia e a C. Valenciana –ambas rexistran un incremento por encima do 8% interanual-. Xa nun segundo grupo sitúanse Cataluña, Navarra e Andalucía con crecementos do contorno do 5% interanual.

- No lado contrario o destino que presenta o incremento máis suave ou moderado é Madrid, cunha suba do 0,7% en relación ao mes de xaneiro do pasado ano. Galicia sitúase nunha posición intermedia cun comportamento semellante ao rexistrado en Castela e León e Castela A Mancha.
- En termos de viaxeiros aloxados o ranking é semellante. Lidera Estremadura o incremento interanual cun 11,9%, por diante tamén da C. Valenciana –destino que neste mes presenta unha suba do 10,3%-. Aragón amosa tamén neste caso a caída máis notable, do 15,7% neste caso.
- Por terceiro mes consecutivo –e primeiro deste ano- Galicia rexistra un incremento da demanda no conxunto dos establecementos hoteleiros da comunidade. Refórzase o bo comportamento da demanda en temporada baixa en comparación cos restantes meses do ano.
- Canarias –con máis de 5,5 millóns de pernoctacións hoteleiras- é o destino que lidera o mercado turístico hoteleiro neste mes de xaneiro –absorbendo o 35,8% do total estatal-. Recupera por cuarto mes consecutivo esta posición de liderazgo reforzando a súa posición nos meses de temporada baixa.
- Logo de Canarias, seguen en orde de importancia neste mes Andalucía –con máis de 2,2 millóns de pernoctacións-, Cataluña –con preto de 2,18 millóns-, Madrid –con preto de 1,76 millóns- e a C. Valenciana –con case 1,44 millóns neste caso-. Só estas cinco comunidades absorben en conxunto ao 85% do total da demanda hoteleira de España. O 15% restante repártese no resto do territorio. Galicia ocupa neste mes a novena posición –por detrás das cinco anteriores e de Castela e León, Aragón e o País Vasco- representando o 2,0% do total estatal.
- En termos de mercado obsérvase un comportamento dispar dos tres grandes segmentos, con variacións de diversa intensidade.
- O turismo interno –aquele representado polos residentes en Galicia- presenta un comportamento positivo superando nun 5,3% o nivel de demanda do pasado ano á mellora da estadía media pois a cifra de viaxeiros residentes mantense estable. É o cuarto ano consecutivo no que se observa un crecemento do mercado interno neste mes de xaneiro, acadando agora en 2019 preto de 124 mil noites –a cifra máis elevada da década-.
- O mercado receptor nacional –aquele conformado polos españois procedentes doutras comunidades autónomas- presenta en cambio un comportamento negativo con caídas do 1,2% na cifra de viaxeiros aloxados e do 3,7% no volume de noites. Descende o turismo receptor nacional neste ano logo de acumular catro anos consecutivos de crecemento no mes de xaneiro. Con esta dinámica o volume final queda levemente por encima das 127 mil noites –a segunda cifra máis elevada desde o 2008-.
- O turismo internacional participa neste mes da dinámica positiva superando nun 0,6% a cifra de viaxeiros aloxados e nun 6,2% o volume de noites do pasado ano. É o quinto ano consecutivo no que se rexistra unha mellora do turismo internacional en Galicia neste primeiro mes do ano, colocando desta maneira o volume final de xaneiro en algo máis de 57 mil noites –a cifra máis elevada dos últimos once anos-.
- É o terceiro mes consecutivo –e primeiro neste ano- no que mellora o turismo internacional en Galicia –logo de acumular caídas consecutivas de abril a outubro de 2018-. Consolida a senda positiva nos meses de temporada baixa.
- Neste mes o peso do turismo internacional sitúase no 18,5% do total da demanda hoteleira, cifra propia dun mes de temporada baixa que, sen embargo, queda por encima dos valores rexistrados

en anos anteriores. O peso do mercado internacional deste mes de xaneiro supón, por tanto, un máximo histórico na comunidade.

- O segmento de maior peso neste mes é o mercado receptor nacional –supón o 41,3% do total da demanda hoteleira-. O turismo interno sitúase preto cun 40,2% do total neste caso.
- A nivel territorial obsérvase un comportamento dispar da demanda hoteleira. En particular, sobe o volume de noites en A Coruña e Lugo –un 7,5% e 6,6% respectivamente- como consecuencia no primeiro caso dun incremento da cifra de viaxeiros aloxados e no segundo dunha mellora da estadía media. En Ourense e Pontevedra, en cambio, obsérvase un comportamento negativo, descendendo o volume de noites un 0,7% na primeira e un 6,9% nesta última.
- Con preto de 141 mil noites hoteleiras, A Coruña é a provincia que absorbe o maior volume de demanda no conxunto da comunidade –representando o 45,8% do total-. Seguen en orde de importancia Pontevedra –co 32,3%-, Lugo –co 12,6%- e Ourense –co 9,4% neste caso-. Con esta distribución obsérvase que o 78% da demanda localízase nas provincias do arco atlántico.
- A estadía nos hotéis e pensións de Galicia increméntase neste mes de xaneiro –un 1,7%-, situándose preto de 1,9 noites de media. Sobe a estadía media por segundo ano consecutivo colocando o dato deste ano no máis elevado desde o 2014.
- A estadía media hoteleira de Galicia sitúase nunha posición media no conxunto do Estado. Canarias marca o valor máis elevado con 7,4 noites de media, mentres que Estremadura rexistra a cifra máis baixa, con pouco máis de 1,6 noites neste caso.
- O incremento dos niveis de demanda prodúcese nun contexto de leve caída da oferta dispoñible – o volume de prazas ofertadas descende un 1,8%-, circunstancia que leva a unha mellora do nivel de ocupación –sobe en 0,7 puntos porcentuais para situarse no 21,5% de media para este mes-. É o cuarto ano consecutivo no que mellora o nivel de ocupación hoteleira en Galicia no mes de xaneiro, colocando deste maneira o dato de 2019 no máis elevado dos últimos once anos-.
- En comparación coas restantes comunidades autónomas Galicia rexistra neste mes a segunda cifra de ocupación máis baixa do conxunto do Estado –por diante de Asturias-. Canarias é o destino que lidera o ranking dos niveis de ocupación a nivel estatal cun 69,9% en xaneiro. Seguen Madrid –cun 50,3%- e a C. Valenciana –cun 44,5% de media neste caso-. A media do conxunto de España sitúase no 45,1%.
- En termos dinámicos obsérvase que o nivel de ocupación varía de forma dispar a nivel das comunidades autónomas sendo maioría as que presentan un comportamento positivo. Sobe e mellora en once delas –sendo Cataluña o destino con mellor comportamento relativo superando en dous puntos a cifra do pasado ano-, mantense estable en dous destinos e descende en catro. Aragón é tamén neste caso o destino de peor comportamento cunha caída de máis de seis puntos neste mes.
- As tarifas hoteleiras en Galicia soben neste primeiro mes do ano –un 2,3% en particular- situándose en 49,8 euros de media –a cifra máis baixa do conxunto do Estado-. Canarias é o destino que presenta as tarifas hoteleiras máis elevadas neste mes de xaneiro con 100,7 euros de media. Acadan tamén cifras importantes, por encima da media estatal, Cataluña –con 88,1 euros-, Madrid –con 86,5 euros- e Baleares –con 83,8 euros neste caso-. Son catro as comunidades que se sitúan por encima da media estatal, que neste mes queda nos 81,1 euros de media.

- Os prezos hoteleiros varían de forma dispar nas diferentes comunidades autónomas sendo maioría aquelas nas que melloran en relación ao pasado ano. Cataluña é o destino que presenta o incremento máis destacado cun 6,9%, seguido de Baleares –cunha suba do 6,6%-. Mantéñense estables en dous destinos e caen en tres –sendo Aragón o destino de peor comportamento cun descenso do 5,5%-.
- A mellora dos niveis de ocupación neste mes de xaneiro –froitto dun incremento da demanda-, prodúcese nun contexto de crecemento paralelo das tarifas hoteleiras, circunstancia que neste mes leva a que os establecementos hoteleiros de Galicia melloren os niveis de rendibilidade en relación ao mesmo período de 2018 –o RevPAR sobe un 3,1% ata situarse en 13,0 euros de ingreso medio por habitación dispoñible, a cifra máis elevada da década que ao mesmo tempo se sitúa como a segunda máis baixa do conxunto do Estado-.
- Os establecementos hoteleiros de Canarias –con 81,9 euros de ingreso medio por habitación dispoñible- son os que presentan un maior nivel de rendibilidade neste mes de xaneiro. Sitúanse por diante das restantes comunidades entre as que destaca Madrid –con 54,4 euros-. Asturias marca no lado contrario o nivel de rendibilidade máis baixo con 12,9 euros de ingreso medio por habitación dispoñible.
- En termos dinámicos obsérvase un comportamento positivo a nivel das comunidades, mellorando o nivel de rendibilidade na maioría delas –en once concretamente-, sendo Cantabria o destino que presenta o incremento máis notable. O RevPAR hoteleiro mantense estable en dúas comunidades e descende en catro –con Aragón novamente presentando a caída de maior intensidade-.

ANEXO – GRÁFICAS DE APOIO

Fig. 1. Evolución noites hoteleiras. Xaneiro 2011-19




Fig. 2. Peso dos mercados turísticos. Xaneiro 2019




Fig. 3. Variación da demanda segundo a procedencia. Xaneiro 2019




Fig. 4. Variación da demanda a nivel territorial (provincias). Xaneiro 2019




Fig. 5. Evolución da estadia media. Xaneiro 2011-19




Fig. 6. Evolución das tarifas hoteleiras (ADR). Xaneiro 2011-19




Fig. 7. Evolución da rendibilidade hoteleira (RevPAR). Xaneiro 2011-19

